



BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE E DO CONCELLO DE CAMBADOS 2020/2021

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

1. Estas bases teñen por obxecto establece-los criterios e o procedemento para concede-las subvencións municipais destinadas a colectivos con carencias económicas, co obxecto de paliar os gastos que supón a escolarización pública, ensinanzas artísticas e a formación universitaria en familias con menos recursos económicos do Concello de Cambados.

2.-Estas axudas outorgaranse en réxime de concorrència competitiva e de acordo cos principios de publicidade e igualdade.

3.- As presentes bases apróbanse de acordo co disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados (BOPPO nº 217 de 10 de novembro de 2004) e a normativa aplicable, especialmente a prevista na Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

SEGUNDA. Destinatarios/as e requisitos.

Para ser beneficiario destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

a) Cursar estudos nalgún dos seguintes centros de ensino para os que se solicita a axuda:

-PRIMARIA: Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado no curso 2020/2021 en centros docentes públicos (non concertados) do Concello de Cambados, incluídos alumnos de Oubiña matriculados no colexio de Tremoedo

-ESO: Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado no curso 2020/2021 en centros docentes públicos (non concertados) do Concello de Cambados, incluídos alumnos de Oubiña matriculados no colexio de Tremoedo

-FP: calquera centro público.

-BACHARELATO: calquera centro público.

-UNIVERSITARIOS: calquera centro público.

-ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL-ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES E CONSERVATORIO DE MUSICA: Calquera centro do estado ou conservatorio de musica.

-O ALUMNADO cuxas necesidades educativas especiais impidan a súa escolarización nun centro ordinario do municipio, poderá solicitar a axuda para a asistencia a un Centro de Educación Especial, aínda que non estea localizado no Concello.





Concello de Cambados

- b) Que a renda per cápita familiar non supere os límites establecidos na base sexta da presente convocatoria.
- c) Estar empadroado no Concello de Cambados e ser fillo dependente economicamente. Non pode beneficiarse destas axudas o alumnado que non sexa dependente economicamente. Consideraranse fillos dependentes economicamente os menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a axuda sempre que non teñan un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2019.
- d) Presentar certificado de matrícula (ou resgardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria) do/a alumno/a para o curso 2020/2021 (agás alumnos/as de Primaria e ESO).
- e) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario, recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Así mesmo deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Cambados.
 - Estar ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Cambados.
- f) As axudas serán solicitadas polos representantes legais do alumnado: os pais, as nais ou os titores, e no caso de alumnos/as de entre 18 e 25 anos poderán facelo tamén os propios beneficiarios.
- g) Poderán ser beneficiarios da axuda de transporte os estudantes dos centros situados fóra do Concello de Cambados. Alumnado de:
 - a. Formación Profesional que curse estudos nalgunha modalidade que non se imparta no municipio ou acreditar que quedou sen praza nun dos centros de Cambados.
 - b. Universitarios
 - c. Alumnado de Bacharelato que curse estudos nalgunha modalidade que non se imparta no municipio.
 - d. Alumnado de ensinanza artística superior e Conservatorios de música.

TERCEIRA. Solicitudes e documentación

1.- As solicitudes para a concesión destas axudas formalizaranse no impreso normalizado que se inclúe como Anexo I e poderá así mesmo obterse nas oficinas xerais (Rexistro de Entrada) do Concello de Cambados ou ben a través da páxina web: <http://cambados.sedelectronica.gal>.

Xunto coa solicitude, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentárase a seguinte documentación:

1º.- Fotocopia do DNI do solicitante .

2º.- Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.

3º.- Fotocopia ou resgardo da matrícula para o curso 2020/2021.





Concello de Cambados

4º.- Fotocopia do I.R.P.F de tódolos membros da unidade familiar obrigados a presentala declaración da renda, ou certificación da Delegación de Facenda de estar exentos da mesma.

No caso de exención legal de efectuar dita declaración, os ingresos xustificaranse coa seguinte documentación:

- a) **Para pensionistas:** Xustificante de pensión mensual do ano 2019.
- b) **Para demandantes de emprego:** Certificado das prestacións do INEM correspondente ó ano 2019 e fotocopia tarxeta demanda de emprego.
- c) **Para perceptores da RISGA:** Aportarán o xustificante da contía mensual que percibe.
- d) **Para traballadores en activo non obrigados a presentar declaración da renda:**
 - Traballadores por conta allea: Fotocopias das nóminas do 2019.
 - En caso de empeoramento da situación familiar, fotocopias das nóminas do primeiro semestre do 2020.
 - Traballadores autónomos: Declaracións trimestrais de 2020-2021.

Nos supostos en que exista imposibilidade de documentar determinadas situacións de carencia económica, esta deberá acreditarse mediante declaración xurada dos interesados.

5º.- Volante de convivencia.

6º.- Declaración responsable segundo Anexo III.

7º.- Documentación complementaria, se procede:

- Se procede, copia do **certificado ou copia da tarxeta acreditativa de minusvalía igual ou superior ó 33%** dalgún membro da unidade familiar (solicitante, padres ou irmás).
- **Certificado que acredite a situación de desemprego** por un período superior a 6 meses durante o ano 2019 dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- **Documentación acreditativa da situación de familia monoparental** ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.

No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co causante. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

2.- A falsidade ou ocultación de datos determinará, sen prexuízo de que o Concello exercite as accións oportunas contra os responsables, a exclusión deles de futuras convocatorias de bolsas municipais. Todos os documentos deberán ser orixinais ou copias debidamente compulsadas..

3.- No caso de presentar solicitudes para varios irmáns, non é necesario duplicar documentación.



CUARTA. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

a) A solicitude presentárase no rexistro xeral do Concello de Cambados, de luns a venres en horario de 8:00 a 14:00 horas, ou ben a través da sede electrónica (dispoñible durante as 24 h dos 365 días do ano), ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b) O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO na forma e termos previstos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións.

QUINTA. Contía das bolsas

1.- A determinación da contía individualizada de cada subvención resultará da puntuación obtida tras a aplicación dos criterios establecidos nas presentes bases.

2.- O importe máximo da axuda será en función da seguinte táboa para aqueles solicitantes que obteñan a maior puntuación, distribuíndose os importes restantes en función da puntuación obtida, ata esgotar o crédito asignado ó proxecto.

3.- Cando o número de solicitudes aceptadas non esgote o crédito máximo previsto, poderase outorgar a cantidade máxima a cada unha delas, se así se motiva.

4.- Os importes máximos das axudas de ensino, por alumno/a e curso serán os que se reflicten na táboa seguinte:

a) Axudas para compra de material escolar

DESTINATARIOS	IMPORTE MAXIMO DA AXUDA
ALUMNADO PRIMARIA E SECUNDARIA	150 €
ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	200 €
ALUMNADO BACHARELATO, F.P.	150 €
UNIVERSIDADE, ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES E CONSERVATORIOS	150 €

b) Axudas para Transporte

Os importes das axudas de transporte para alumnos de bacharelato, F.P., Universidade, Ensinanzas Artísticas Superiores e Conservatorios, por alumno e curso determinaranse en función da situación do centro educativo, tal e como se indica na seguinte táboa:



DISTANCIA EN KMS

IMPORTE MAXIMO DA AXUDA

Centros situados fora de Cambados a menos
de 30 Km 150 €

Centros situados fora de Cambados a máis
de 30 Km 200 €

SEXTA. Valoración das solicitudes

1.- Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar e o exercicio fiscal 2019.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

2.- Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a bolsa sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2019.
- No caso de familias monoparentais, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Considerarase familia monoparental aquel “núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento” (artigo 13 da Lei 3/2011). Para os efectos da consideración da monoparentalidade, e sempre que o fillo ou filla teña sido recoñecido por ambos/ambas proxenitores/as, no caso de non existir acordo xudicial algún no referido ao outorgamento da garda e custodia así como a atribución de pensión de alimentos en favor da/do menor estimarase como xustificación suficiente a declaración xurada do proxenitor/proxenitora/responsable legal solicitante, sen prexuízo de que a administración poida efectuar maiores comprobacións valéndose dos medios legalmente establecidos.





Concello de Cambados

- No caso de ausencia de ambos os dous proxenitores, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 1,6 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.

- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

3.- A valoración das solicitudes presentadas efectuarase segundo o seguinte cadro de puntuacións:

Renda per cápita familiar Puntuación

De 0 € a 4.000 € 6

De 4.001 € a 5.000 € 4

De 5.001 € a 7.000 € 2

As rendas per cápita superiores a 7.000€ non terán dereito a axuda de ensino, e as rendas per cápita superiores a 5.000€ non terán dereito a axuda de transporte.

4.- Ademais da renda per cápita teranse en conta as seguintes circunstancias sempre que se acrediten co correspondente certificado:

a) Se algún membro da unidade familiar ten unha minusvalía igual ou superior ao 33%, puntuarase esta circunstancia con 2 puntos adicionais.

b) Cando o pai/nai ou titor/a acrediten a situación de desemprego durante máis de seis meses no ano 2019 incrementarase a valoración con 2 puntos adicionais.

c) Xustificación de aluguer de vivenda ou amortización do préstamo bancario para a amortización da mesma (ano 2019) 2 puntos adicionais.

5.- A subvención que se conceda en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo do obxecto da subvención. Para ese efecto os solicitantes deberán declarar todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto, no momento da solicitude ou en calquera outro da vixencia do expediente en que se produza.

6.- As presentes axudas serán compatibles con outras axudas que puideran percibirse para a mesma finalidade doutras Administracións públicas. No obstante, serán incompatibles coas axudas por estudos establecidas no Convenio Colectivo do persoal laboral e no Acordo Regulador do persoal funcionario, para os familiares de todo o





Concello de Cambados

persoal do Concello de Cambados, polo que os fillos do persoal municipal non poderán concorrer a convocatoria prevista nestas bases.

SÉTIMA. Importe máximo e crédito orzamentario

Para o financiamento deste programa de axudas establécese crédito en contía máxima de 31.300,00 euros na aplicación 320.481.00 do Orzamento do Concello de Cambados para o exercicio 2020.

Concederanse as presentes axudas ata o límite orzamentario previsto na aplicación orzamentaria destinada para tal fin no Orzamento Xeral do Concello de Cambados para o ano 2020. De verse superada esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas ás unidades familiares que obteñan maior puntuación na valoración das solicitudes.

OITAVA. Do procedemento de concesión das axudas

1.- Unha vez rematado o prazo previsto na cláusula cuarta, as solicitudes se remitirán ó responsable do departamento de Cultura, o cal deberá comprobar que os solicitantes presentan correctamente tódolos documentos esixidos e cumpran as condicións impostas para poder adquirir a condición de beneficiario.

As solicitudes que incumplan os requisitos documentais sinalados nestas bases, non se admitirán a trámite, sen prexuízo da aplicación do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para a subsanación e mellora da solicitude: "Se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior, requirirase ó interesado para que , nun prazo de dez días naturais subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixera así, se lle terá desistido da súa petición, previa resolución..."

Sobre estes extremos, e a maior brevidade posible, emitirá un informe no que conste unha proposta de resolución motivando os criterios de reparto.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe de técnico municipal da Concellería competente.

2.- O Acordo de concesión das subvencións será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo daráselle traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións.





Concello de Cambados

3.- O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución poderase interpor un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación, ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación, nos termos recollidos na lexislación vixente.

NOVENA.-Xustificación

1.- Os beneficiarios de axudas para material escolar deberán presentar a xustificación ata o día 30 de novembro. A xustificación realizarase mediante impreso normalizado que se inclúe como Anexo II e poderá así mesmo obterse nas oficinas xerais (Rexistro de Entrada) do Concello de Cambados ou ben a través da páxina web: <http://cambados.sedelectronica.gal>.

Xunto coa xustificación, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentarase a seguinte documentación:

a) As facturas xustificativas dos gastos efectuados, que deberán estar expedidos ó nome do solicitante, ser orixinais ou fotocopias compulsadas, e estar datadas no período para o que se concede a axuda. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D 1496/2003. Asemade, con todas elas deberá achegarse xustificante de cargo bancario ou xustificante inequívoco de que a factura presentada foi pagada (palabra específica “pagado”). No seu caso, en lugar de facturas será admitido certificado selado do gasto en material expedido polo centro educativo, que acrediten o gasto realizado en material escolar ou libros para o alumnado de primaria e E.S.O.

Excepcionalmente e motivado pola Pandemia do Covid-19, inclúense como gastos xustificable en material escolar a compra de material de prevención do Covid-19 e a adquisición de tablets ou PCs para realizar as tarefas escolares na casa.

Os gastos en material deportivo non poderá ser superior ao 50% do importe total da subvención concedida.

Dado o carácter finalista das axudas desta convocatoria, en ningún caso, o importe da axuda concedida polo Concello poderá ser superior ao gasto realizado polo/a beneficiario/a. En consecuencia, de ser necesario, realizarase o oportuno axuste na cantidade da axuda concedida en cada caso. Se se detectasen facturas falsas ou fraude na declaración dos datos facilitados se perderá o dereito a obter as axudas en anos seguintes.

b) Declaración responsable segundo Anexo IV.

c) Acreditación da titularidade da conta bancaria onde se deberá transferir o importe da subvención (con código IBAN).





Concello de Cambados

2.- Os beneficiarios das axudas para transporte deberán presentar a xustificación ata o día 30 de novembro. A xustificación realizarase mediante impreso normalizado que se inclúe como Anexo II e poderá así mesmo obterse nas oficinas xerais (Rexistro de Entrada) do Concello de Cambados ou ben a través da páxina web: <http://cambados.sedelectronica.gal>.

Xunto coa xustificación, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentarase a seguinte documentación:

a) O certificado de matrícula, ou resgardo de ter pagada a matrícula selado pola entidade bancaria, ou outros documentos xustificativos da matrícula académica no curso 2020/2021.

b) Declaración responsable segundo Anexo IV.

c) Acreditación da titularidade da conta bancaria onde se deberá transferir o importe da subvención (con código IBAN).

3.- De non presentala xustificación dentro do prazo establecido nestas bases entenderase que desiste da súa petición. No caso de que a xustificación presentada se estime insuficiente, o Concello requirirá o beneficiario no prazo de 10 días naturais, para que subsane os defectos apreciados. Se transcorrido dito prazo, non se producira a subsanación requirida, tal feito ocasionará a revogación da axuda e, en consecuencia o impago da mesma.

4.- Unha vez xustificada correctamente a subvención e aprobada polo órgano competente, a cantidade concedida ingresarase na conta corrente indicada polo solicitante.

DÉCIMA.-Control das Subvencións

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei Xeral de Subvencións 38/2003, no seu Regulamento 887/2006, na Lei Xeral Presupostaria 47/2003, e demais normas concordantes, isto é, na Lei Orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas e Lei Ordinaria do Consello de Contas de Galicia.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A publicidade dos distintos actos derivados da presente convocatoria farase no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados, aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.





Concello de Cambados

ANEXO I

FORMULARIO SOLICITUDE CONCESIÓN BOLSA ENSINO - CURSO 2020/2021

Dn/Dona..... como (pai/nai,
titor/a legal) de..... estudante
deno Centro
de.....
con D.N.I nº.....con domicilio na rúa.....nº.....
localidade.....teléfono.....
correo electrónico.....

Vistas e aceptadas as BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ENSINO E O TRANSPORTE E DO CONCELLO DE CAMBADOS 2019/2020,

SOLICITA ser admitido no procedemento para a concesión de bolsas de ensino convocado polo Concello de Cambados do curso 2019/2020, para o cal se achega a seguinte documentación (orixinais ou copias debidamente compulsadas):

- 1º.- Fotocopia do DNI do solicitante .
- 2º.- Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- 3º.- Fotocopia ou resgardo da matrícula para o curso 2020/2021.
- 4º.- Fotocopia do I.R.P.F de tódolos membros da unidade familiar obrigados a presentala declaración da renda, ou certificación da Delegación de Facenda de estar exentos da mesma.
- 5º.- Volante de convivencia.
- 6º.- Declaración responsable segundo Anexo III.
- 7º.- Documentación complementaria, se procede.

Cambados,..... dede 20.....
(Sinatura)

Sra. Alcaldesa-Presidenta do Ilmo. Concello de CAMBADOS.





Concello de Cambados

ANEXO II

XUSTIFICACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA

Dn/Dona.....con D.N.I nº.....
teléfono

EXPÓN: Que polo Concello de Cambados foime concedida unha subvención para
(*marcar cun x*):

☐ Adquisición de libros de texto e material escolar, curso 2020/2021, por importe de€. Para a súa xustificación, preséntase:

1. As facturas xustificativas dos gastos efectuados, cos xustificantes dos cargos bancarios ou constancia inequívoca de que as facturas presentadas foron pagadas.
2. Declaración responsable segundo modelo establecido no Anexo IV.
3. Acreditación da titularidade da conta bancaria onde se deberá transferir o importe da subvención (con código IBAN).

☐ Axudas para transporte curso 2020/2021, por importe de€. Para a súa xustificación, preséntase:

1. O certificado de matrícula, ou resguardo de ter pagada a matrícula selado pola entidade bancaria, ou outros documentos xustificativos da matrícula académica no curso 2020/2021.
2. Declaración responsable segundo Anexo IV.
3. Acreditación da titularidade da conta bancaria onde se deberá transferir o importe da subvención (con código IBAN).

Por todo o cal, **SOLICITO:** O abono da axuda concedida.

En Cambados a.....de..... de 20.....

(Sinatura)

Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Cambados.



ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dn/Dona.....con D.N.I nº.....

DECLARA:

1. Que non estou incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da subvención, previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
2. Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.
3. Que teño solicitadas, concedidas e/ou recibidas as seguintes subvencións para a mesma finalidade prevista nas bases reguladoras para a concesión de axudas municipais para o ensino e o transporte escolar do curso 2020/2021:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitad o	Importe concedid o	Import e recibid o
	€	€	€
	€	€	€
	€	€	€

AUTORIZO:

Ao concello de Cambados para que realice as comprobacións oportunas en relación cos apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2020/2021

E para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente declaración.

En Cambados a.....de..... de 20.....

(Sinatura)



ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dn/Dona.....con D.N.I nº.....
teléfono

DECLARA:

4. Que todos os datos que contén a conta xustificativa axústanse á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
5. Que non estou incurso en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario da subvención, previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
6. Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.
7. Que os ingresos obtidos para a finalidade da subvención non superaron o custo total da mesma.
8. Que teño solicitadas, concedidas e/ou recibidas as seguintes subvencións para a mesma finalidade prevista nas bases reguladoras para a concesión de axudas municipais para o ensino e o transporte escolar do curso 2020/2021:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido	Importe recibido
	€	€	€
	€	€	€
	€	€	€

AUTORIZO:

- Ao concello de Cambados para que realice as comprobacións oportunas en relación cos apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2020/2021

E para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente declaración.

En Cambados a.....de..... de 20.....

(Sinatura)

